

O presente informe emítase de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público (LCSP).

Obxecto e necesidade do contrato.

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) é unha Sociedade Anónima Unipersoal adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Forman parte do seu obxecto social a realización das actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo - A-52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, entre as que se inclúen as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros, e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do mencionado tramo, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación desta.

Entre os equipos das vías obxecto de conservación atópanse as iluminacións públicas nos seus enlaces. Estas iluminacións dispoñen de luminarias con lámpadas de vapor de sodio de alta presión, tecnoloxía actualmente en desuso por existir alternativas que, a pesar de ser máis caras inicialmente, supoñen a curto prazo un aforro pola súa maior durabilidade e eficiencia enerxética, e unha mellora medioambiental ao permitir reducir as emisións de CO₂ á atmosfera.

Ademais, debido á antigüidade das luminarias existentes, xa existe a necesidade de reposición das súas lámpadas, que a curto prazo afectaría a todas elas, e de numerosas luminarias danadas polas inclemencias meteorolóxicas.

Con este contrato preténdese realizar a substitución de todas as luminarias existentes nos Enlaces da AG-53 coa N-525 (Piñor) e coa OU-504 (Cea), que actualmente son de VSAP, por luminarias LED. Con estas actuacións complétase a mellora de iluminación e eficiencia desta en toda a AG-53.

Orzamento do contrato

De acordo coa determinación realizada nos estudos elaborados, a inversión desta actuación acada os 84.437,94 €, máis IVE.

Duración do contrato

De acordo coa previsión realizada nos estudos elaborados, o subministro e instalación das novas luminarias realizarase nun prazo máximo de tres meses dende a firma do contrato.

Procedemento de contratación

Tendo en conta o importe de licitación xustifícase a posibilidade do emprego do procedemento aberto previsto no artigo 156 e seguintes da LCSP, con tramitación integramente electrónica da documentación, e da presentación de ofertas a través do sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).

Criterios de adxudicación

Tendo en conta que as características dos equipos que serán obxecto de subministro e instalación son moi concretas, considérase a valoración de dous criterios económicos; prezo global do contrato e prazo de garantía dos equipos instalados; sendo ambos criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas matemáticas.

Ademais, en cumprimento do establecido no artigo 57 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, aplicarase criterios referidos ás políticas empresariais en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

División en lotes.

En base ó disposto no artigo 99.3 de la LCSP, considérase que este contrato debe dividirse en 2 lotes, xa que a actuación a realizar en cada un dos enlaces obxecto de renovación das súas luminarias pódese realizar de xeito totalmente independentes entre eles.

O orzamento base de licitación (sen IVE) de cada un dos lotes é o seguinte:

Lote 1. Enlace da AG-53 coa N-525 en Piñor. 53.862,61 €

Lote 2. Enlace da AG-53 coa OU-504 en Cea. 30.575,33 €

Non se considera necesario restrinxir a posibilidade de que calquera licitante se presente a calquera dos lotes ou a ambos, nin que a adjudicación de ambos poda recaer na mesma empresa, nin prever a posibilidade de presentación de ofertas integradoras.

Enrique Couselo Pan
Director de Explotación AG-53 & AG-54

Angela Bouzada Valverde
Adx. Xefe. Área Administración e Finanzas